

Luns, 27 de decembro de 2021

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO PLENARIO GARDAS LOCALIZADAS DA POLICÍA LOCAL DE PONTEAREAS

ANUNCIO

ACORDO PLENARIO GARDAS LOCALIZADAS DA POLICÍA LOCAL DE PONTEAREAS

Faise público que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria levada a cabo o 30 de novembro de 2021 acordou as gardas localizadas da policía local de Ponteareas, coa seguinte redacción:

A fin de garantir eventualmente unha atención permanente e inmediata ao cidadán, os servizos municipais da policía local poderán dispoñer que o persoal ao servizo do Concello de Ponteareas realice gardas localizadas mediante a dispoñibilidade de persoal necesario para dar cobertura a calquera situación de urxencia.

Por gardas localizadas se debe entender aquelas que consisten en estar permanentemente localizable, co obxecto de atender calquera urxencia que se produza en relación coas funcións do posto. Así mesmo, estas gardas localizadas suporán que o/a traballador/a deberá acudir ao seu posto de traballo, nun tempo non superior a unha hora dende a súa chamada.

O artigo 137.2 d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece: “Tamén terán a consideración de gratificacións extraordinarias as compensacións económicas non incluídas no complemento de posto de traballo que se devindiquen pola prestación de servizos en réximes de xornada distinta á ordinaria, por cambios de quenda, pola realización de gardas localizadas ou de traballos nocturnos ou en sábados, domingos e festivos, ou pola participación en campañas de incendios forestais.”

Co obxecto de ter unha regulación municipal das gardas localizadas do persoal funcionario da policía local, en outubro deste ano formulouse polo Concelleiro de Bo Goberno, Concelleiro de Persoal e alcaldía unha proposta para aprobación de Regulamento das Gardas Localizadas da Policía Local de Ponteareas.

Dita proposta tratouse e aprobouse en reunión da Mesa de negociación do persoal funcionario do Concello de Ponteareas celebrada o 2 de novembro de 2021.

O 18 de novembro de 2021 tanto a secretaría como a intervención municipal informaron favorablemente a proposta, polo que de conformidade cos artigos 93.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 64.2 k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Administración Local de Galicia, e art. 211 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia PROPONSE ao Pleno da Corporación Municipal, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior: Aprobar o Regulamento das Gardas Localizadas da Policía Local de Ponteareas que se acompaña, e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:BUJWZHHLHEIA90XH



REGULAMENTO DAS GARDAS LOCALIZADAS DA POLICÍA LOCAL DE PONTEAREAS

A fin de garantir eventualmente unha atención permanente e inmediata ao cidadán, os servizos municipais da policía local poderán dispoñer que o persoal ao servizo do Concello de Ponteareas realice gardas localizadas mediante a dispoñibilidade de persoal necesario para dar cobertura a calquera situación de urxencia.

1. Cómputo das gardas localizadas, calendario e natureza retributiva.

1.1. Os membros funcionarios da Policía Local poderán traballar en réxime de gardas localizadas, nese caso seranlles computados trinta minutos de tempo de traballo por cada hora de garda que realicen. Nos supostos en que sexa requirida a súa presenza computaráselles a quenda completa ou, cando se exceda deste, o número de horas efectivamente realizadas.

Non terá a consideración de tal garda o estar localizado durante a xornada de traballo mediante calquera dispositivo.

1.2. Na organización dos cadrantes mensuais do servizo, o Xefe da policía local determinará as gardas localizadas a realizar e os seus días e horarios, emitindo o correspondente informe relativo ás razóns polas que estas son precisas.

Os calendarios de traballo serán establecidos polo xefe da policía local, con anterioridade ao comezo do mes, podendo incluír a especificación das quendas de gardas localizadas, sendo publicados nos taboleiros de anuncios correspondentes. Con carácter excepcional e por razóns de emerxencia, estes calendarios poderán ser modificados, de forma motivada e con traslado por escrito aos interesados.

1.3. Na distribución de gardas respectarase a proporcionalidade entre todo o persoal operativo que preste o servizo.

1.4. As gardas localizadas equipáranse na súa natureza xurídica e retributiva a gratificacións extraordinarias. Non poderán ser fixas nin periódicas.

2. Obrigacións.

2.1. Os funcionarios que realicen a garda localizada deberán incorporarse de maneira presencial ao posto de traballo nun tempo inferior a unha hora desde que se lles solicite por parte da dirección.

2.2. A duración máxima do devandito servizo, en caso de realizarse de forma presencial, será de doce horas, para o que se establecerá un sistema de substitucións.

3. Duración das gardas.

As gardas localizadas terán da duración equivalente ás quendas de traballo.



Luns, 27 de decembro de 2021

Núm. 248

4. Compensación.

As gardas localizadas abonaranse ao 100% do valor sinalado para as gardas de presenza física no artigo 39.2 do acordo de funcionarios, tendo en conta que tal como se dispón no artigo 1 computarán trinta minutos de tempo de traballo por cada hora de garda que realicen. Nos supostos en que sexa requirida a súa presenza computaráselles a quenda completa ou, cando se exceda deste, número de horas efectivamente realizadas.

A compensación será económica e será a establecida para as horas extraordinarias no artigo 39.2

d) do vixente Acordo Regulador do Persoal Funcionario ao Servizo do Concello de Pontearreas.

Límites

As cantidades devindicadas polo devandito concepto, con carácter xeral, non poderán superar no caso dos policía locais a cantidade de 2.436€ en cómputo de ano natural, e no caso da xefatura da policía local será de 4.872€.

5. Procedemento

5.1. Os axentes da Policía Local comunicarán en calquera intre ao Xefe da Policía Local a súa dispoñibilidade para a realización de gardas localizadas.

As gardas localizadas deberán ser previamente autorizados pola Alcaldesa ou pola persoa titular da Concellería Delegada en materia de seguridade cidadá. A estes efectos, o xefe da policía local remitirá unha memoria proposta que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

a.- Descrición do traballo a realizar e xustificación da necesidade.

b.- Designación do funcionario ou funcionarios do corpo de Policía Local que realizarán a garda localizada, xunto coa conformidade expresa do(s) mesmo(s).

c.- Duración do tempo da garda localizada por cada un dos funcionarios propostos.

5.2.-Antes de que se someta a autorización da Alcaldesa ou Concellería Delegada en materia de seguridade cidadá, a intervención municipal deberá informar sobre a existencia de crédito.

5.3.-Nos casos nos que se conceda autorización por parte da Alcaldesa ou Concellería Delegada en materia de seguridade cidadá, unha vez realizada a garda localizada, deberá emitirse polo xefe da policía local unha certificación sobre a efectiva realización da garda, con indicación expresa da data e do número das horas realizadas, sen que poida superar o das autorizadas, concretando ademais a hora de inicio e remate.

A certificación xunto co expediente será comunicada aos Departamentos de Recursos Humanos e da Intervención Municipal.

Disposición final única. Entrada en vigor.



Luns, 27 de decembro de 2021

Núm. 248

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Alcaldesa,

M.^a Cristina Fernández Davila

(documento asinado electrónicamente)

